

# A VIDA NAS ÁRBORES

Adela Leiro, Mon Daporta

As árbores son o soporte para o asentamento de moitos seres vivos. Proporcionanlles acobillo e sustento.

Todas e cada unha das súas partes (raíces, talos, follas, flores, froitos...) serven de alimento a diferentes seres especializados e estes á súa vez aos seus depredadores. Nas árbores, entre as súas follas, protexidos pola súa altura, ao seu abrigo, nos seus ocos e nas regañas das súas tonas agóchanse, protéxense e teñen as súas crías unha gran cantidade de seres.

Ao seu carón, ao amparo da súa sombra, ou apoiados no seu toro, desenvólvense outras especies vexetais e animais. Finalmente os restos das árbores e dos seres que se asocian a elas serven de alimento aos descompoñedores que crean materia para formar o solo e, deste xeito, devolven de novo á terra, e ás árbores, minerais para que os volvan a transformar en materia viva.



Distintos tipos de brións no toro dunha árbore.

Bacaloura (*Lucanus cervus*). É o insecto galego máis grande. As mandíbulas do macho, grandes e fortes, son a arma coa que loitan para conseguir as femias. A súa eiruga vive durante varios anos no interior do toro dos carballos, e outras árbores, alimentándose de madeira. É un animal en perigo de extinción.



Bolboreta *Charaxes jasius*, típica dos bosques de érbedos.



Eirugas do alacrán dos carballos (*Thaumetopoea processionea*).



Cabriña (*Davalia canariensis*), un fento epifito que se pode atopar no alto dos toros das árbores.



O esquío alimentase de gomas, froitos e sementes das árbores.



*Cerambyx cerdo*, un escaraballo que pasa varios anos en estado larvario alimentándose da madeira



Eiruga de *Laothoe populi*. Aliméntase de follas de chopos, bidueiras e salgueiros.



Barba de frade (*Usnea filipendula*), un dos moitos líques que poden vivir sobre as árbores. Os líques son indicadores da saúde ambiental, xa que son moi sensibles á contaminación.



Os fungos aliméntanse da materia orgánica. Hainos que parasitan as árbores e poden chegar a matalas, mentres outros asócianse en simbiose ás raíces e proporcionanlles beneficios.



Bugallo no escornacabras, provocado por unha colonia dos pulgóns *Aphis pistaciae*.



A altura das árbores proporciona a seguridade necesaria para que as aves fagan os seus niños.



Paparrubio. Os pequenos paxaros atopan nas árbores refuxio e alimento (froitos, sementes e insectos). Os paxaros insectívoros son beneficiosos para as árbores porque se alimentan dos insectos que os parasitan.